

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE PRIMARIA 2015-16

Infantil

Realizaranse ao longo do curso actividades colectivas dentro do ciclo ou participando con todo o centro en aquelas de carácter xeral, podemos citar:

- Celebracións populares : Samaín, Magosto, Nadal, Entroido
- Celebracións propias do calendario escolar tales como o día da Paz, día do Libro
- Participación en campañas para o fomento da lectura.
- Participación en actividades propostas polo centro: contacontos, representación de títeres
- Participación en saídas ao entorno próximo.
- Solicitada actividade de teatro (Aurora), de A fundación

1º e 2º Ed. Primaria

Este tipo de actividades faranse conxuntamente para o 1º e o 2º curso de primaria. As programadas son:

Primeiro trimestre.

- Saída o Cine nas Termas de Lugo. De non ser así programaríase unha visita ao Museo de Lugo se fora proposta algunha actividade adecuada. Senón, visitaríase o Museo de San Paio de Narla en Friol.

Segundo trimestre

- Música /Teatro en Afundación de Lugo.. De non resultar seleccionados programariase outra actividade similar...

Terceiro trimestre.

- Visita a Parque Zoológico de Marcelle Naturaleza.

- Tamén se farán outras saídas que xurdan e se consideran de interese.

Participarase tamén en actividades e concursos que propoña o centro para estes cursos, como tarxetas de Nadal, creación literaria arredor das Letras Galegas, etc...)

3º e 4º Ed. Primaria

1º TRIMESTRE

• 17 de novembro. Visita ao Castelo de San Paio de Narla. “Os escribáns en San Paio de Narla”.

• 17 de decembro. Cine en Lugo.

2º TRIMESTRE

• 16 febreiro 2016. Fundación Abanca. Cousas de 4. Música Odaiko Percussion Group. Auditorio Municipal Gustavo Freire.

• Viaxe en tren Lugo-Monforte. Museo do ferrocarril de Monforte, a Fortaleza...

3º TRIMESTRE

• Visita a Burela. Barco museo boniterio “Reina del Carmen”. Visita á fábrica de cerámica de Sargadelos en Cervo.

Ademais destas saídas poderán facerse outras que vaian xurdindo ao longo do curso.

5º Ed. Primaria

- Tres Saídas a Lugo: 1- Orientarse no espazo. 2-Lugo romano. 3- Teatro musical.

- Ourense. Viaxe en tren .Coñece- la cidade.

- Facer unha etapa do Camiño de Santiago.

- Saída ó Balneario de Guitiriz ó final dos tres trimestres (dependendo do comportamento, esforzo e implicación no traballo escolar).
- Saídas ó cine unha vez por trimestre para ver estreos de películas relacionadas con contidos do curso.
- Saídas a Torre de San Paio ó longo do curso.

6º Ed. Primaria

Este tipo de actividades faranse conxuntamente para o 3º , 4º e 6º curso de primaria. As programadas son:

Primeiro trimestre.

- Saída ó Cine nas Termas de Lugo o día 17 de decembro todo o centro agás Infantil.
- Visita ao museo San Paio de Narla.

Segundo trimestre

Viaxe en tren o día 11 de marzo de Lugo a Monforte para visitar o museo do tren , a Fortaleza e o mosteiro das Clarisas e percorrido pola vila para coñecer os lugares máis emblemáticos .

Terceiro trimestre.

- Música / Teatro en Afundación de Lugo os alumnos de 5º e 6º de primaria o día 12 de abril.
- Visita á costa de Lugo (Burela, Sargadelos...)

Tamén se farán outras saídas que xurdan e se consideren de interese.

Participarase tamén en actividades e concursos que propoña o centro para estes cursos, como tarxetas de Nadal, creación literaria arredor das Letras Galegas, etc...)

EDUCACIÓN FÍSICA

No capítulo de actividades a realizar dentro da materia de Educación Física en Primaria, seguiremos ca liña de actuación na mellora da capacidade motriz do alumnado, así como no intento de mellorar a súa saúde a través da actividade física e o deporte. Algunha das actividades especiais serán:

- Participación dentro do Proxecta en tres apartados específicos como son o Máis e Mellor Actividade Física, o Xogade e o Plan Dafis, que é unha recollida de datos físicos e de saúde e no cal este centro leva xa catro anos inmerso.
- Elaboración do Cross do Magosto, con catro anos xa asentado dentro das actividades do Centro, e que busca a fusión entre o deporte e os elementos autóctonos galegos.
- Participación en probas de ámbito popular e que persiguen a iniciación dentro do mundo deportivo do alumnado, como son as carreiras populares.
- Organización dunha andaina popular para o alumnado, a súa familia así como a do pobo de Friol, tamén na procura duns bos hábitos de vida saudables por parte de toda a poboación de Friol
- Xornadas en colaboración cas federacións de loita olímpica e judo, para ofertar o noso alumnado dunha maior riqueza motriz a través de deportes minoritarios.
- Saídas do entorno do colexio para a practica de actividade física.
- Organización e participación en eventos federados de máximo rango autonómico como é o Campionato Provincial e o Campionato Galego de Cross.
- Colaboración cos responsables do Comedor Escolar, estando no Plan Xermoliño que promove a Consellería de Sanidade.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE SECUNDARIA

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

No presente curso están programadas as seguintes saídas :

- Viaxe a Quiroga (Lugo) para achegarnos á colleita de aceitunas e á elaboración do aceite. No mes de novembro
- Visita ao Museo Nacional de Ciencia y Tecnología (MUNCYT Coruña). No mes de marzo.
- Visita a empresa Citroën en Vigo (Pontevedra).

Commemoracións:

- Día da Árbore: Sementeiro e plantación de árbores autóctonas no Centro.
- Día da Ciencia: Información e exposición nos taboleiros.
- Día Mundial da Saúde: Información e exposición nos taboleiros.
- Día Mundial do Ambiente: Información e exposición nos taboleiros.

Tamén se realizará calquera outra actividade que puidera xurdir ao longo do curso, relacionada coas áreas impartidas polo Departamento, ou como colaboración con outro departamento didáctico atendendo á interdisciplinabilidade e transversalidade.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

O Departamento de Ciencias Sociais fará alguna saída formativa ao longo do curso, sen especificar data nin destino. Á espera das ofertas educativas que vaian xurdindo ao longo do curso, de momento non hai unha planificación, se ben se avisará co debido tempo. Estas actividades son tamén lectivas, polo que convén xustificar a non participación nelas.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Sesións monográficas e charlas puntuais a cargo dun especialista na unidade a desenvolver (complementaria).
- Torneos de Nadal, Semana Santa e Fin de Curso (última semana antes das vacacións).
- Probas deportivas internas ou con outros centros afíns.

Dependendo dos condicionantes e o desenrolo da preparación, datas dispoñibles, etc., nos meses de xaneiro, febreiro:

- Semana branca.

E en abril, maio e xuño:

- Piragüismo.
- Sendeirismo.
- Rafting.
- Carreiras de orientación

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Agosto; en novembro.
- Libro colectivo de homenaxe a Manuel María. Antes do 30 de novembro
- Frase da postal de Nadal.
- Concurso de Creación Literaria; no mes de abril.
- Correlingua. Viaxe a Lugo no mes de maio.
- Letras Galegas; en maio.
- Revista Escolar; ao longo de todo o curso.

Esta planificación queda aberta a calquera outra actividade que resulte enriquecedora para o fomento da nosa lingua.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O departamento ten previsto ir ao teatro cos alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, en data e obra por determinar.

Tamén se realizará calquera outra actividade que puidera xurdir ao longo do curso, relacionada coas áreas impartidas polo Departamento, ou como colaboración con outro departamento didáctico atendendo á interdisciplinabilidade e transversalidade.

DEPARTAMENTO DE GALEGO

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

GRUPO DE TEATRO

Seguindo a dinámica dos cursos pasados, o grupo representará dúas obras:

– Unha no primeiro trimestre (data por determinar) : **Deixémonos de dindirindainas VII**

-- Outra no mes das Letras Galegas: Con datas a acordar co Museo de San Paio

DEIXÉMONOS DE DINDIRINDAINAS (VII):

Nos primeiros días de curso ofertarase a participación a aqueles alumnos e alumnas de E.S.O. que queiran participar na posta en escena da representación que nos ocupa.

Posteriormente elaboraranse os guións e repartiranse os papeis.

A actividade desenvolverase preferentemente nos períodos de lecer da mañá dos martes, mércores e xoves. Un día á semana (por determinar) farase fóra de horario escolar en horario 16.20h- 17.30h.

Todos estes ensaios realizaranse na aula habilitada para teatro no Edificio Vello.

De ser posible a representación farémola na Biblioteca do Centro Escolar en varios pases destinados ao alumnado e comunidade educativa.

Os pais ou nais das alumnas asinarán unha autorización universal para a mesma que incluírá:

-- A autorización para participar no grupo de teatro

-- A autorización para permanecer no centro fóra do horario escolar

-- A autorización para calquera necesidade que xurda no desenvolvemento e posta en escena da montaxe.

--Ao mesmo tempo coa sinatura da devandita autorización queda implicitamente aceptado o compromiso dos pais/nais de recoller no lugar correspondente ás horas indicadas aos seus fillos e fillas – fóra do horario escolar-.

-- Os alumnos e alumnas que queiran participar na montaxe deberán asinar un documento no que se comprometen a asistir aos ensaios establecidos, agás causa xustificada asinada polo profesor, titor ou pai ou nai –dependendo da orixe da ausencia-

A obra representarase en principio en tres sesións:

--Dúas para os alumnos de E.S.O.

--Outra para os pais e público en xeral

No caso de estimar o coordinador da actividade que a obra pode ser de interese para algún ciclo de Educación Primaria, faríase unha terceira representación.

Se por calquera circunstancia se considerase algunha variación con relación ás datas e ao lugar, comunicarase coa debida antelación, considerando esta planificación elemento xustificativo suficiente.

Representación do mes de maio

Coa mesma dinámica de traballo que a obra anterior no relacionado a participantes, reparto, ensaios e desprazamentos só queda engadir un novo lugar de ensaio e representación: A Torre de San Paio.

Os ensaios que se consideren necesarios realizaranse na citada torre.

Os días e horas da representación non se poden establecer con seguridade por dependermos do programa de actividades que deseñe a Xerencia do Museo de Lugo que é, en última instancia, a que determina eses conceptos.

Seguindo o criterio empregado en pasados cursos procuraremos interferir o menos posible nas actividades académicas. Isto dependendo da dispoñibilidade do alumnado participante para realizar ensaios fóra de hora escolar..

De seguir convocándose en Lugo as “Xornadas de Artes Escénicas”, presentaremos esta obra ás mesmas. O desprazamento faise nun pequeno autobús que está financiado pola organización das Xornadas.

De ser convidados por outros centros ou institucións a representar a obra fóra do concello (Museo, outras vilas ou centros escolares) na medida do posible desprazariámonos ata o lugar correspondente, segundo as condicións pactadas cos diferentes organizadores.

Todo isto desenvolverase partindo de que o alumnado estea interesado na actividade.

Ensaíos

Os ensaios como vén sendo habitual desenvólvense nos períodos de lecer da mañá que se determinen e un día fóra do horario escolar.

Dado que a representación farase na Torre de S Paio é obvio que algúns ensaios se desenvolvan na citada torre a ser posible nalgunha mañá dos sábados previos á estrea.

RUTAS LITERARIAS NO MUSEO PROVINCIAL

Lectura do libro *Contos de medo no museo* sobre o que se realizará unha actividade de indagación no museo completando unha “folla de ruta”

Esta actividade, posto que dura uns 70 ou 80 minutos por grupo, completarse con algunha outra que se considere axeitada. (Os grupos aos que se lle ofertará están por determinar)

VISITA Á CASA MUSEO DE MANUEL MARÍA

Realizase unha visita guiada á casa do autor ao que se lle dedica este ano o Día de Letras Galegas en Outeiro de Rei e á súa contorna. Os grupos aos que se lles oferte estará determinado polas posibilidades organizativas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

FRIOL:UN PROXECTO

GRUPO DE 1º DE E.S.O.

Para desenvolver parte das actividades deseñadas para o este proxecto de 1º de E.S.O., está previsto realizar varias saídas ao longo do curso polo concello de Friol e empregando diferentes medios.

A actividade estará coordinada polo profesor de L . Galega que é ao tempo o titor.

1ª saída:

Mes de outono: Sen data fixa. Farémola en función do tempo. Necesitamos que non chova.

Farase unha ruta en autobús visitando as parroquias de Vilalvite, Cotá, Guldriz e A Devesa--.

A actividade consistirá nun xogo de pistas que terán que resolver os alumnos.

A saída será ás 10.35 para chegar de regreso á hora do xantar.

2ª saída:

Mes de marzo: Sen data fixa. Farémola en función do tempo. Necesitamos que non chova.

Visitarase as parroquias de Trasmonte e Carlín Unha vez alí, os alumnos deberán recoller información etnográfica e localizar diferentes puntos de interese situados na citada parroquia.

A saída será ás 10.35 para chegar de regreso á hora do xantar.

3ª saída:

Mes de maio/xuño: Sen data fixa. Farémola en función do tempo. Necesitamos que non chova.

Visitarase as parroquias do grupo de alumnos que realicen o mellor traballo de investigación sobre as súas parroquias. Queda polo tanto aberta.

Unha vez alí, os alumnos deberán seguir as indicacións dos guías da actividade – os seus propios compañeiros--.

A saída será ás 10.35 para chegar de regreso á hora do xantar.

OBRADOIRO DE LINGUA PORTUGUESA

Realizarase un obradoiro de lingua portuguesa impartido por un/ha docente especialista na materia co fin de que o noso alumnado realice un primeiro achegamento a esta lingua.

Levarase a cabo durante unha xornada escolar en varias sesións lectivas. (A actividade está dirixida a todo o alumnado da ESO)

O Departamento poderá programar durante o curso outras actividades extraescolares e complementarias que considere poidan ser beneficiosas para a formación do alumnado e que serán recollidas no libro de actas. Tamén colaborará, como vén sendo habitual en actividades programadas no centro por outros departamentos e a Biblioteca así como na revista escolar, certames literarios e diversas conmemoracións e celebracións.

A razón de que non se reflicte a data de celebración dalgunha das actividades é debido a que esta está suxeita á dispoñibilidade dos/as monitores ou das entidades que as ofertan

Algúns das actividades programadas poderán levarse en cabo en coordinación co Equipo de Biblioteca

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

-Representacións teatrais.

-Sesións de contacontos.

-Visita a Casa das Linguas.

-Calquera actividade relacionada co Departamento que poidera xurdir ao longo do curso.

-Participación e colaboración nas actividades doutros Departamentos.

Ningunha das actividades que se mencionan ten data fixa a día de hoxe e, de realizarse, calquera delas poderá implicar a saída dos alumnos do centro escolar.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

O Departamento de Lingua Castelá podería organizar algunha saída para o alumnado dalgún curso da ESO, dependendo das posibilidades que poidan xurdir ó longo do curso.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

- Viaxe cultural á Ribeira Sacra. De volta conoceremos Monforte de Lemos. (1º trimestre)

- Visita á Catedral de Santiago de Compostela, ós seus tellados, ás prazas veciñas, cun pequeno percorrido do tramo final do " Camiño". Esto último pódese suprimir se se combina esta viaxe con outra actividade doutro departamento que se leve a cabo nesta cidade.(2º trimestre)

- Viaxe ó lexendario San Andrés de Teixido, visitando Cedeira e, se é posible, ás Fragas do Eume.(3º trimestre).

Os alumnos que vaian participar en cada actividade decidiranse a posteriori.

Deixamos, coma sempre, aberta a posibilidade, por se surxe ó longo do curso algo interesante relativo á asignatura, así como a colaboración noutras actividades dos distintos Seminarios.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

O alumnado de Música poderá ser levado a calquera actividade que se considere interesante, segundo a programación da materia, e que poida xurdir ó longo do curso.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Todas as actividades previstas até o momento enmárcanse dentro do Programa de Orientación Académica e Profesional previsto para 4º de ESO.

- Excursión para visitar centros de Formación Profesional de Lugo no segundo trimestre.
- Visita á Fundación TIC en Lugo .
- Xornada de convivencia co IES de Palas de Rei e o CPI de Guntín dentro do programa TEI.

DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA

Visita a exposicións, obradoiros e outras actividades afíns á materia

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Intentaranse levar e a cabo as seguintes saídas cos alumnos de Tecnoloxía:

- Visita á Central Hidroeléctrica de Belesar (Chantada) ou a outra si a esa non fora posible.
- Visita a Sogaris, centro de tratamento de residuos industriais en As Somozas. Coruña.

Farase tamén calquera actividade , non programada a día de hoxe, que sexa de interese para este Departamento.

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Organización da viaxe de final de curso do alumnado de 4º ESO

***O Grupo de Teatro e o Equipo de Biblioteca organizarán unha actividade lúdico – cultural para os integrantes do Grupo de Teatro, colaboradores/as de Biblioteca e integrantes do Club de Lectura.**